

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes, nomeado polo Decreto 65/2023, de 14 de xuño (DOG núm. 113, do 15 de xuño de 2023) e José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 223/2022, de 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio de 2022), no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, José Tomé Roca, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. - Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios .

Así mesmo a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en relación co previsto na disposición transitoria segunda do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia , é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme ao disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas



de prevención e defensa contra os incendios forestais, a través da Subdirección Xeral de Prevención pertencente á Dirección xeral de defensa do Monte.

SEGUNDO.- Á Deputación Provincial de Lugo, como órgano de goberno da provincia, correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia e, en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

TERCEIRO.- Entre os fins da FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza da plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

CUARTO.- Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.



QUINTO.- Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre pois, un enfoque máis global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen, abarquen todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, se prioricen as zonas clasificadas como de alto risco de incendio forestal. En relación con isto, débese lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados zonas de alto ou medio risco de incendio.

SEXTO.- Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais na provincia de Lugo, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal. Os GES participarán tamén en labores de prevención de incendios nos concellos da provincias de Lugo.

Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería do Medio Rural; a Deputación Provincial de Lugo e a FEGAMP asinan este convenio co fin de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida.

Co novo convenio as achegas económicas totais entre as partes asinantes acadan o 52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5% das entidades locais, sendo o 40 % procedente da Deputación Provincial de Lugo e un 7,5% dos concellos.

De acordo co anteriormente exposto, dado que o acordo de colaboración é de común interese para todas as partes e harmoniza os fins dunhas e doutras, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias da provincia de Lugo; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.



SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais da provincia de Lugo sitúanse estratexicamente en 8 localidades (dúas delas por definir) que se corresponden con 7 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

- A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.
- Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.
- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias
- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.

As sedes e subsedes dos GES establécense no anexo I de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes.

TERCEIRA.- COMPOSICIÓN

Con carácter xeral cada GES estará composto por 12 efectivos. No caso do GES da zona de Quiroga- Terra de Lemos ao estar a base compartida, cada subsede conta con 6 efectivos.

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao Anexo I, no que se recolle tamén a súa sede.

Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III.

No tocante á selección, formación e operatividade dos compoñentes destes grupos estarase ao disposto no Anexo VIII.



CUARTA.- FUNCÍONS DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

Os GES poderán exercer as seguintes funcións:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizárase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.



- Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

QUINTA.- ACTUACIÓNS DOS GES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

O abano de actuacións subvencionables que serán obxecto de axuda inclúe:

a)- Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa , que poderá incluír:

- Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, así como da rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.

b)- Actuacións de silvicultura preventiva: Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos da titularidade municipal ou de propietario descoñecido. Para os efectos deste convenio as actuacións en materia de desbroces limitaranse a:

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Camiños reais e históricos.
- Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.



Os prezos unitarios por actuación e o importe máximo a subvencionar por GES de prevención inclúense no Anexo IV.

As actuacións a realizar deberán planificaranse antes da súa execución, a través dun programa de actuacións preventivas que presentará a entidade local cos contidos recollidos no Anexo V.

Elaborado o programa de actuacións preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva das actuacións contempladas na presente cláusula, farase unha inspección previa á súa iniciación por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a súa viabilidade e emitirase un informe.

De ser favorable o informe emitido, a entidade local achegará unha comunicación de inicio do mesmo ao Distrito Forestal.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo I.

En todo caso, son gastos subvencionables en materia de prevención de incendios aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e se realicen no prazo establecido nel. Para as actuacións de prevención de incendios o prazo será desde a comunicación de inicio dos traballos ata o 31 de outubro de 2024.

SEXTA.- COORDINACIÓN DOS GES

Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral nin coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial.

Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que realicen, os GES coordinaranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de atencións ás emerxencias 112-Galicia.

A coordinación ordinaria dos GES corresponde ao concello no que se sitúa a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

No caso de actuacións conxuntas en emerxencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación das mesmas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.

O concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A Central de atención ás emerxencias 112-Galicia, conectará co grupo de emerxencia a través dun sistema remoto de xestión das emerxencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.



SÉTIMA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

1- Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural
- A Deputación Provincial de Lugo
- As entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fíxase en:

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará setenta e oito mil setecentos cincuenta euros (78.750,00€) para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en setecentos sesenta e un mil douscentos cincuenta euros (761.250,00 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES según o reparto do Anexo II.

4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 120.000,00€, no ano 2024.

5- A contribución ao financiamento da Deputación Provincial de Lugo é de seiscentos corenta mil euros (640.000,00 €) no ano 2024. Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega tras a sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.

OITAVA.- CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

O custo do presente convenio en materia de emerxencias, prevención e extinción de incendios é de 1.600.000,00 € no ano 2024 fixándose os custes totais por GES no anexo II.

NOVENA.- TRAMITACIÓN

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda



condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

DÉCIMA: COMPROMISOS DAS PARTES:

A- Pola Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é:

- **Financiamento:** A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.
- **Dirección e coordinación:** ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Defensa do Monte respectivamente, ostentarán a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activación de plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.

B- Pola Deputación Provincial de Lugo

- **Financiamento:** A Deputación Provincial colaborará no financiamento cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.

C- Pola FEGAMP.

- A coordinación do proceso de adhesión por parte dos concellos.
- **Difusión:** a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos que poderá financiar o convenio.

D- Polos Concellos sede dos GES,

- Deberán achegar as cantidades consignadas no anexo II.
- Deberán achegar unhas instalacións-base axeitadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo.
- Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.
- Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
- Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e da Deputación.
- Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificado polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.



- Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o Anexo I, poderán pór a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos fondos percibidos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA .

O libramento dos fondos a cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, por parte da Xunta de Galicia, realizarase de conformidade co previsto nos Anexos VI e VII.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte librará os importes establecidos no Anexo II:

- para as actuacións en materia de extinción de incendios (código proxecto:2011.00771), librará un pagamento anticipado do 100% , logo da sinatura do convenio e da corresponde solicitude de anticipo da entidade local.
- para as actuacións en materia de prevención de incendios (código proxecto:2011.00771) librará o pagamento despois da presentación da xustificación dos traballos realizados e da súa comprobación conforme o establecido no anexo VII.

A Dirección Xeral de Administración Local librará os importes establecidos no Anexo II mediante un pago anticipado do 50%, logo da solicitude da entidade local. O importe restante librarase despois da comprobación da xustificación realizada de conformidade co previsto no Anexo VI.

DÉCIMO SEGUNDA.- LIBRAMENTO DE FONDOS AOS BENEFICIARIOS FINAIS.

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A participación no presente convenio suporalle aos beneficiarios, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mes o fin, poderá dar lugar, se con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas. No suposto de reintegro de axudas concedidas os xuros de mora esixiranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do



reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas concedidas neste convenio son incompatibles con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO:

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes; a Deputación Provincial de Lugo con dous representantes e a Fegamp, con dous representantes.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.
- Fixar aquelas sedes incorporadas ao texto do convenio (Anexo II) naqueles supostos nos que se produzan vacantes, que figuran coma por definir ou cando o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio.
- Adaptar as comunicacións no marco do presente convenio aos medio electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados.



DÉCIMO QUINTA.-VIXENCIA.

O presente Convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo IX de adhesión.

Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente e seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna.

DÉCIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SÉTIMA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO OITAVA.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto para a súa publicación.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data consignada nas sinaturas electrónicas.

O vicepresidente primeiro e conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

O conselleiro de Medio Rural

José González Vázquez

O presidente da Deputación Provincial
de Lugo

José Tomé Roca

O presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias

Alberto Varela Paz



ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

LUGO	
<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>
Zona de Montaña Oriental	Por definir
Zona de Friol - Palas	Friol
Zona dos Ancares, Lugo e Sarria	Por definir
Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova
Zona de Quiroga e Terra de Lemos	Quiroga/Folgoso
Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso
Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo



COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

Provincia de Lugo:

GES	Concello
27 Zona A Mariña Central e Occidental	Alfoz Burela Cervo Foz Valadouro, O Xove
27 Zona A Mariña Central e Oriental	Lourenzá Meira Pastoriza, A Pontenova, A Riotorto Trabada
27 Zona A Ulloa-Lugo-Chantada	Antas de Ulla Guntín Monterroso Portomarín Taboada
27 Zona Friol - Palas	Begonte Friol Guitiriz Outeiro de Rei Palas de Rei
27 Zona Montaña Oriental	Baleira Castroverde Fonsagrada, A Negueira de Muñiz Pol Ribeira de Piquín
27 Zona Os Ancares-Lugo-Sarria	Baralla Becerreá Cervantes Navia de Suarna Nogais, As Pedrafita do Cebreiro Triacastela
27 Zona Quiroga-Terra de Lemos	Folgosos do Courel Pobra do Brollón, A Quiroga Ribas de Sil



En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme a este anexo no que se recolle a súa sede.

No caso de que algún dos GES non fose constituído ou quedara vacante, sen prexuízo de que a prioridade sexa cubrir esas vacantes, con carácter excepcional, os restantes GES deberán atender a zona de actuación vacante a petición do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE112) que empregará coma criterio de mobilización a minimización do tempo de resposta.

Sen prexuízo da relación de concellos asignados a cada GES o CIAE112 poderá avisar a aquel GES cuxo tempo de resposta sexa menor en función da localización da emerxencia.



ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES

CUSTO GES 2024

Zona	Sede/ subsede	Com p	Custo	Deputación Provincial	Concellos	Vicepresid encia DXAL	CM Rural Extinción (fondos propios)	CM Rural Prevención (fondos propios)
Os Ancares- Lugo-Sarria	Por definir							
A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgozo)	Folgozo do Courel	6	160.000,00 €	64.000,00 €	12.000,00 €	7.875,00 €	72.495,96 €	3.629,04 €
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	160.000,00 €	64.000,00 €	12.000,00 €	7.875,00 €	72.495,96 €	3.629,04 €
A Fonsagrada- Meira	Por definir							
Terra Cha- Lugo	Friol	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
A Ulloa-Lugo- Chantada	Monterroso	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Total			1.600.000 €	640.000,00 €	120.000,00 €	78.750,00 €	728.277,64 €	32.972,36 €



ANEXO III: MEDIOS MATERIAIS.

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará con:

- Un vehículo *todoterreo* que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
- Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) ou polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga). Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.
- En canto á roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.
- Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico ou o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais – PLADIGA (ver <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/pladiga-2023>)



ANEXO IV PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN E ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS POR CONCELLO

PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN.

DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO
Ud de Definición das redes de faixas de xestión da biomasa. Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Tamén se incluírán a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.	9000€/ud
Ud de investigación de titularidade de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais	12 €/parcela
Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.121,10 €/ha
Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.195,840 €/ha
Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.464,904 €/ha
Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.793,760 €/ha
Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%..	343,440 €/ha



ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS
2024

Num.	Provincia	Tipo	Sede/subsede	CM Rural
1	Lugo	Sede	Cervo	6.428,57 €
2	Lugo	Subsede	Folgozo do Courel	3.629,04 €
3	Lugo	Subsede	Quiroga	3.629,04 €
4	Lugo	Sede	Friol	6.428,57 €
5	Lugo	Sede	Monterroso	6.428,57 €
6	Lugo	Sede	Pontenova, A	6.428,57 €
Total				32.972,36 €

As actuacións de prevención mediante rozas da táboa establecen que os traballos manuais realízanse en pendentes inferiores ao 50% ou pendentes iguais ou superiores ao 50%. Tamén se establece que os traballos mecanizados realízanse en zonas de pendente escasa ou nula (pdte.< 10%). A discriminación de traballos mecanizados dos manuais debe realizarse do seguinte xeito:

Traballos a realizar de forma mecanizada: roza en superficies con pendentes inferiores ao 10% ou roza da faixa auxiliar en ambas marxes de vías, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Inclúirase nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

Traballos a realizar de forma manual: en pendentes iguais ou superiores ao 10%. Tamén se poderán admitir de xeito excepcional superficies con pendentes inferiores ao 10% sempre que pola súa reducida superficie ou entidade sexa máis económico a súa realización de forma manual.



ANEXO V. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas (PAP) serán os seguintes:

A) Ámbito de actuación das actuacións preventivas.

B) Tipos de traballo obxecto de axuda.

C) Xustificación das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva, e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

D) Táboa resumo de superficies obxecto de actuación en materia de planeamento, silvicultura preventiva:

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo os tipos de traballos incluídos no convenio.

Localización das parcelas ou vías de actuación preventiva coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)

E) Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

Asemade a cartografía remitirase en formato vectorial, tipo shapefile en Datum ETRS 89 e fuso 29N, ou documento análogo.

O prazo para a presentación do PAP será o 31 de marzo de 2024.



ANEXO VI: XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

A).- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA

A documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección xeral de Defensa do Monte e da Dirección Xeral de Administración Local antes do **5 de decembro de 2024**.

Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 28 de decembro de 2024.

1. O libramento dos fondos ás entidade locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais pola Xunta de Galicia, someterase ao seguinte réxime de pago:

a) Polo que respecta a Consellería do Medio Rural, librarase un pago anticipado do 100%, logo de solicitude da entidade local. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

b) Polo que respecta á Dirección Xeral de Administración Local, librarase un pago anticipado do 50%, logo de solicitude da entidade local.

2. Para a xustificación das actuacións subvencionadas ao abeiro deste convenio, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Administración Local e á Dirección Xeral de Defensa do Monte a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) respecto aos gastos en materia de extinción de incendios forestais, a documentación seguinte:

a) Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

b) Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa:

Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, data de pago e indicación actuación á que se imputa o importe do gasto (emerxencias, prevención ou extinción de incendios).

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local referirase á conta xustificativa dos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos.



c) Documentos acreditativos dos gastos realizados:

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Na certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, detallarase que se efectuaron as contratacións e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES en cada un dos concellos implicados.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

Na documentación que se remita á Dirección Xeral de Administración Local e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte incluírase unha relación nominal dos compoñentes do GES, con especificación da persoa responsable do grupo e un número de teléfono de contacto. No caso de existir fondos remanentes, logo da xustificación dos concellos, serán devoltos por estes ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) A declaración de estar está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

e) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na declaración de axudas que se emita para a Dirección Xeral de Administración Local debe facerse constar se o concello sede ou subsede percibiu algunha outra axuda, aínda que sexa no marco do propio convenio, procedente de calquera das administracións ou órganos que financian as actuacións, para os gastos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, incorporados na relación clasificada de gastos da conta xustificativa.



2.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A Deputación Provincial de Lugo remitirá ás Entidades Locais sede ou subsede instrucións sobre a documentación requirida para a xustificación dos fondos aportados por estas.



ANEXO VII: XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

1.-XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS

Para a xustificación das actuacións subvencionadas materia de prevención de incendios forestais, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 31 de outubro de 2024, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) respecto aos gastos en materia de prevención de incendios forestais, a documentación seguinte:

a) Solicitud de pagamento.

b) Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

c) Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa:

Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, data de pago e indicación actuación á que se imputa o importe do gasto (emerxencias, prevención ou extinción de incendios).

d) Memoria económica e de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio, con indicación:

d.1) das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Dita memoria asinada polo Alcalde correspondente deberá dar conta dos traballos xustificados, sexa:

- Definición das redes de faixas de xestión da biomasa.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal
- Redacción de informe de xestión de biomasa
- Xustificación de outras actuacións de prevención realizadas.



d.2) Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo e a contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos nesta subvención.

e) Documentos acreditativos dos gastos realizados:

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Na certificación emitida, detallarase que se efectuaron as contratacións e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES en cada un dos concellos implicados.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

f) A declaración de estar está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

g) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- COMPROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA

Para a comprobación dos traballos en materia de prevención de incendios expedirase por persoal funcionario da Consellería de Medio Rural unha certificación na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación



aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.



ANEXO VIII MEDIOS PERSOAIS.

Os concellos sede serán os encargados da selección do persoal. No caso que fora necesario seleccionar novos efectivos, o procedemento de selección realizarase a través do sistema de concurso- oposición respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade así coma a normativa de selección dos empregados públicos.

A subscrición do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Para participar nos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán contar con carné de conducir tipo C, sen prexuízo dos demais requisitos mínimos que sexan esixidos consonte a normativa de aplicación .

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

FASE DE CONCURSO

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

1. Méritos Profesionais.

a) *Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos puntuarase 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.*

b) *Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público puntuarase 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.*

c) *Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan puntuarase 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.*

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. *Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por*



unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.*
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.*
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.*
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.*

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificarase: Presentando certificación expedida pola secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.*
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.*

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.*
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos*

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos



TEMARIO MÍNIMO DA FASE DE OPOSICIÓN

- a *Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.*
- b *Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.*
- c *Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios*
- d *Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.*
- e *Accidentes de tráfico e excarceración.*
- f *Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas*
- g *Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.*
- h *Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)*

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que a persoa candidata conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

DATOS XERAIS DO CURSO

1. *Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil*
2. *Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA*
3. *Código:*
4. *Tipo de curso: ESPECÍFICO*
5. *Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.*
6. *Requisitos do profesorado:*
 - 6.1. *Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.*
 - 6.2. *Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.*
 - 6.3. *Nivel pedagógico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.*
7. *Requisitos de acceso do alumno:*



7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

- *Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.*
- *Estar en posesión do carné de conducir da clase C*

7.2. Nivel profesional ou técnico:

- *Non se require*

7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. “Aqueles que non impidan o normal desenvolvemento da profesión”.

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- *INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)*
- *INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)*
- *ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)*
- *PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)*

10. Duración:

Prácticas.....50 horas

Contidos teóricos.....20 horas

Total.....70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- *Equipo e maquinaria:*
- *Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)*
- *Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática*
- *Radio transmisores*
- *Equipo de primeiros auxilios*
- *Equipo portátil de bombeo*
- *Grupos electrógenos*
- *Autobombas urbana e forestal*
- *Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.*



11.2. Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico.

- 1 Manual básico do curso
- 2 Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS do CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión
- COÑECER os equipos de protección individual
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- IDENTIFICAR tipos de bombas
- COÑECER a condución de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de tendidos de mangueras.
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión
- Prácticas de condución e de posicionamento de vehículos
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos

- Tipos de combustión.



- *Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.*
- *Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.*
- *Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas y BIE.*
- *Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.*
- *Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.*
- *Intervención con risco eléctrico.*
- *A química do lume.*
- *Axentes extintores.*
- *Localización do foco.*
- *Orientación, busca e rescate.*
- *Equipos de respiración asistida*
- *Entradas forzosas.*
- *Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.*

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS

Obxectivo do módulo:

- *IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal*
- *COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais*
- *COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais*
- *COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais*

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- *Prácticas de identificación das partes dun lume forestal*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga*
- *Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume*

B) Contidos teóricos

- *A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais*
- *A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación*
- *Medios para a extinción de incendios forestais*
- *Métodos de extinción de incendios forestais*
- *Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.*



- *Situacións de perigo e normas de seguridade*

Denominación do módulo nº 3: *ACCIDENTES DE TRÁFICO*

Obxectivo do módulo:

- *COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico*

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) *Prácticas*

- *Prácticas vehículos*
- *Desencarceración, excarceracións e simulacións*

B) *Contidos teóricos*

- *Introdución aos accidentes de tráfico.*
- *Coordinación en accidentes de tráfico.*
- *Seguridade pasiva.*
- *Estabilización de vehículos.*
- *Seguridade persoal en accidentes de tráfico*
- *Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.*

Denominación do módulo nº 4: *PRIMEIROS AUXILIOS*

Obxectivos do módulo:

- *COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios*
- *IDENTIFICAR tipos de queimaduras*
- *IDENTIFICAR tipos de traumatismos*
- *IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas*
- *Duración do módulo: 7 horas*
- *Contidos formativos do módulo*

A) *Prácticas*

- *Reanimación: tipos*
- *Rescates con feridas*
- *Rescates de interior de vehículos*
- *Desencarcelación, excarceracións e simulacións*

B) *Contidos teóricos*

- *Queimaduras*
- *Alteracións eléctricas*
- *Afogamentos*
- *Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais*



- *Reanimación cardiopulmonar*
- *Feridas e hemorraxias*
- *Luxacións e contusións*
- *Torceduras*
- *Pautas de actuación en accidentes de tráfico*
- *Equipos de corte y separación*
- *Equipos hidráulicos*
- *Excarceracións*



ANEXO IX.-DOCUMENTO DE ADHESIÓN CONCELLOS

D./Dona _____, en representación do Concello de _____

DECLARA:

Que o Pleno (ou órgano competente) do concello _____
acordou, con data de _____ do mes de _____ do ano _____ solicitar a
adhesión ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación
Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de
emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento
dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do
convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con
suxeición plena a todas elas. Esta adhesión terá efectos plenos dende o (indicar data)

En _____, de _____ de _____



ANEXO X – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO

ANO 2024

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO							
Gastos	Deputación Provincial	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal GES	580.000,00€	108.750,00 €	688.750,00 €	761.250,00€		761.250,00€	1.450.000,00 €
Gastos correntes en bens e servizos GES	60.000,00 €	11.250,00 €	71.250,00 €		78.750,00 €	78.750,00 €	150.000,00 €
Total	640.000,00 €	120.000,00 €	760.000,00 €	761.250,00 €	78.750,00 €	840.000,00 €	1.600.000,00 €

